

**CONVOCATORIA DE 10
BOLSAS DE MATRÍCULA PARA
O CONGRESO DE TRABALLO
SOCIAL FORENSE DE
TARRAGONA**



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

Desde o **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia** poñemos a disposición da colexiación **10 bolsas** destinadas a **cubrir o custo da matrícula** para asistir ao **Congreso de Traballo Social Forense**, que se celebrará os días 15 e 16 de outubro en Tarragona.

O Colexio **NON** xestionará as reservas de praza directamente co congreso. Cada persoa será a encargada de facer a súa reserva e despois enviar o xustificante ao COTSG e faremos a devolución íntegra da matrícula.

Esta iniciativa busca facilitar o acceso á formación continua e ao intercambio de experiencias profesionais nun eido tan especializado e relevante como o Traballo Social Forense.

Requisitos para solicitar a bolsa:

- Estar colexiado/a e ao corrente no pago das cotas colexiais no momento da solicitude.
- Non ter recibido outra bolsa do COTSG entre 2025 e 2026
- Presentar a solicitude dentro do prazo establecido a través do correo habilitado.

Criterios de adxudicación:

- Co obxectivo de garantir a igualdade de oportunidades, a asignación rexerese polas seguintes prioridades:
 - Persoas en desemprego e/ou a media xornada. (entregando xustificante)
 - Resto de solicitudes por orde de chegada.

Plazos e procedemento:

- **Prazo de solicitude:** Aberto ata o 15 de setembro ás 23:59 h.
- **Resolución:** A listaxe de persoas adxudicadas e de reserva publicarase na páxina web o día 16 con nº de colexiación e, de ser o caso, suplentes. Ademais, o COTSG contactará a través das vías facilitadas a comunicación da adxudicación da bolsa.

Compromiso das bolseiras e cancelación:

- **Compromiso de asistencia:** As persoas beneficiarias comprométense a asistir ao congreso e a enviar un resumo/memoria das xornadas (máximo 2 páxinas) e unha foto no evento (en liña ou presencial) ao COTSG nun prazo máximo de 15 días posteriores á finalización do evento. Cos resumos e fotos recibidas, o COTSG elaborará unha memoria conxunta que será publicada e compartida coa colexiación a través do fío, redes e páxina web.
- **Prazo de cancelación:** Se finalmente non podes asistir, deberás comunicalo por correo electrónico antes do 30 de setembro ás 23:59 h para poder reasignar a bolsa á seguinte persoa, así como a devolución da matrícula. A non asistencia sen aviso previo ou xustificación adecuada terá unha penalización nas vindeiras convocatorias de bolsas do Colexio.

Como solicitala:

- Rexistra a túa solicitude enviando un correo a info@traballosocial.gal co **asunto BOLSA CONGRESO FORENSE e cos teus datos** (nome completo, nº de colexiación, correo electrónico e teléfono), comprobante do pago da matrícula e, se estás en desemprego, o xustificante correspondente. Indica que tipo de matrícula queres en liña ou presencial.